

NOTA DE PRENSA

-XII Xornadas de Arquitectura Bioclimática-

As diferentes sesións puxeron de relevo a significativa contribución da arquitectura bioclimática a paliar o problema enerxético

O seu coordinador, o arquitecto Federico López, destaca os avances técnicos e a importancia de aproveitar os recursos naturais

O ciclo finaliza hoxe cunha “boa” asistencia de profesionais

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2009 (Vía Láctea Comunicación).- A **Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)** clausura hoxe sábado-28 de novembro a duodécima edición das Xornadas de Arquitectura Bioclimática. Estas xornadas, que se celebraron durante as catro fins de semana de novembro, contaron coa participación de varios expertos de diferentes disciplinas e profesións que reflexionaron sobre as posibilidades e solucións bioclimáticas na arquitectura actual. O coordinador das xornadas, **Federico López Taetzel**, xa indicou na inauguración que esta edición non se ía centrar nun único tema, senón que se repasaron “os aspectos máis importantes da temática bioclimática simultaneamente”.

López Taetzel asegurou que coa arquitectura bioclimática pódese contribuír a paliar o problema enerxético. “Non é unha solución global, pero coa suma dos avances técnicos e do aproveitamento dos recursos naturais podemos reducir o consumo enerxético” –indicou. Segundo o coordinador, esta edición finaliza cunha “boa asistencia” de profesionais que todos os venres e sábados do mes acudiron á Casa da Conga para tomar nota do camiño da arquitectura bioclimática nun futuro próximo.

As xornadas desenvolvéronse en relación aos seguintes temas:

- ▶ Obras e proxectos con criterios de deseño bioclimático
- ▶ Instrumentos para o control do deseño bioclimático
- ▶ Conceptos teóricos sobre enerxía
- ▶ Urbanismo sostible
- ▶ Actualización Técnica

O estudio Exe Arquitectura pechou hoxe sábado-28 as XII Xornadas de Arquitectura Bioclimática.

NOTA.- Xunto un par de fotos dos arquitectos que interviñeron hoxe e onte